



Natural do Rajhastán e residente no estado de Kerala (sur da India), **Rati Saxena** é poeta, tradutora, editora, promotora cultural e estudosa dos Vedas. Autora de once poemarios en hindi e inglés, algúns libros seus foron publicados tamén en tradución ao malabar, irlandés, italiano e inglés. Como estudosa dos textos sagrados da literatura clásica escrita en sánscrito, a súa pescuda no Atharvaveda viu a luz co título de *The Seeds of the Mind* e grazas ao padroado do Centro Nacional das Artes Indira Ghandi. Publicou tamén un diario de viaxes, un libro de memorias e un ensaio crítico sobre a obra do afamado poeta malabar Balamaniyamma.

Como tradutora ten vertido unha ducia de obras, tanto en prosa como en verso, escritas en malabar (lingua falada en Kerala) para o hindi, así como dous libros noruegueses. Este labor valeulle o premio da Kendriya Sahitya Akademi no ano 2000. Por outra banda, textos seus teñen sido traducidos a idiomas coma o chinés, vietnamita, albanés, español, uzbeko ou indonesio.

Participou en diversos seminarios celebrados no seu país e ten colaborado nun bo número de publicacións periódicas. Fóra da India, impartiu conferencias en universidades americanas e fixo parte de numerosos festivais internacionais de poesía en países como Italia, Noruega, Macedonia, Austria, Colombia, Irán ou China, e é unha das tres representantes en Asia do *World Poetry Movement*. Rati Saxena dirixe anualmente o festival de poesía Kritya, e é editora da revista literaria dixital do mesmo nome.

EU, EN UDAIPUR (IV)

*Como muller, non teño
nada que ofrecer
aos meus devanceiros?*

*Non unha filla
senón un froito agre?
Non dun talo
senón de arbusto espiñento?*

Non unha filla

Non o doce lago de Udaipur

senón

salobre auga estancada.



**(RATI
SAXENA)**

Luns **8** de **xuño**
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

POETAS DI(N)VERSOS



Helena Villar Janeiro



Deputación
DA CORUÑA



Nada en Becerreá (Lugo), **Helena Villar Janeiro** é poeta, conferenciante, narradora, articulista en prensa e tradutora. Traballou como profesora de Ensino Primario e Secundario e, hoxe retirada, vive entre Compostela e Rianxo. Entre os anos 2005 e 2012 foi presidenta da Fundación Rosalía de Castro e membro do plenario do Consello da Cultura Galega.

Comezou na poesía facendo parte do colectivo *Cravo Fondo* (1977), e chegaría a coordinar coleccións poéticas como as de *Eusebio Lorenzo* e *Poetas con Rosalía*. Na súa obra en verso cabe salientar títulos como *Alalás* (1972), *Rosalía no espello* (1985), *Festa do corpo* (1994), *Álbum de fotos* (1999), *Nas hedras da clepsidra* (1999), *Pálpebra azul* (2003) e *Remontar o río* (2014). Tamén en clave poética foron algúns dos libros escritos en colaboración con Xesús Rábade Paredes, o seu home, con quen deu ao prelo multitude de obras de natureza diversa. Ou as entregas para público infantil, ao que dedicou unha ampla produción tanto en verso como en prosa. Pechan o capítulo poético unha chea de textos saídos en libros colectivos e revistas literarias, e galardóns coma o Manuel Antonio, o Galicia, o Chao Ledo, o Eusebio Lorenzo Baileirón, o Xacobeo ou o accésit do González-Garcés.

Villar Janeiro é tamén autora de ensaios, de relatos -polos que recibiu premios coma o Modesto R. Figueiredo- e unha habitual colaboradora en prensa escrita que foi recoñecida co premio Puro Cora. Nos últimos tempos incorporou a fotografía ao seu labor creativo, integrando palabra literaria e imaxe, algo que tamén fixo coa obra pictórica doutros artistas.

OS MAPAS DA MEMORIA

*Na pel do río
nunca soou redobre de tambores
para indicar o paso
de calquera ilusión.*

*Tampouco hoxe os teus dedos
quererían pintar en tona de auga
o contorno dos mapas esquecidos.*

*O bo das augas é borrar o norte,
que nunca adoita estar onde queremos,
e retorcer os límites ata volver borrarlos
como o canto dun xilgaro no aire.*

*E aí tes a memoria
intentando gardar os territorios
que nunca coñeciches,
que nunca has coñecer,
que nin sequera existen,
que non son máis que o frío mollado do teu dedo.*



(HELENA VILLAR JANEIRO)

Luns **8** de **xuño**
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

POETAS DI(N)VERSOS



Rati Saxena

